



A Cordinadora en Defensa do Estaleiro anuncia mobilizacións para reclamar a posta en valor da carpintería da Banda do Río

Depois de dous anos de ser invetariado por Patrimonio o estaleiro da Banda do Río atópase nun estado de progresiva deterioración

A Coordinadora promoverá que o Pleno do Concello de Bueu aprobe unha moción a favor do desbloqueo dos trámites administrativos relacionados co estaleiro

Bueu, 2 de febreiro de 2013 / A Coordinadora pola Defensa do Estaleiro anuncia que nas próximas semanas desenvolverá diversas actividades para reclamar o desbloqueo da actual situación na que se atopa a carpintería de ribeira de Bueu, pendente dunha concesión de Costas del Estado ao Concello de Bueu. A Coordinadora denuncia que despois de dous anos da inclusión do estaleiro no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural o estado no que se atopa este ben é o dunha progresiva deterioración, razón pola que se lle urxe ás administracións públicas correspondentes unha solución.

Deste xeito, a Coordinadora falará cos diversos grupos políticos con representación no Pleno do Concello de Bueu para impulsar a aprobación dunha moción na que se solicite o desbloqueo dos trámites para a mencionada concesión. Así, é de salientar que existe xa un precedente no concello de O Grove, onde através dunha concesión administrativa de Costas conseguiuase o aproveitamento dunhas vellas industrias de salgazón para as instalacións do Museo do Mar da vila.

Ademais, o actual estado de abandono do estaleiro non só supón un perigo para a súa conservación, senón tamén para as persoas que circulen pola súa contorna debido á posibilidade de desprendementos. É ben sabido que a zona na que se ubica a carpintería é un lugar frecuentado pola mocidade nas fins de semana e nos días festivos o que potencia os riscos descritos. A Coordinadora quere alertar sobre este aspecto especialmente nestes días previos á celebración do Entroido.

Dous anos despois

No mes de febreiro de 2011 centos de persoas concentrábanse nos arredores do estaleiro de Purro, como popularmente se coñece a carpintería, para reclamar a conservación e a posta en valor deste elemento cultural único na Ría de Pontevedra. Froito da mobilización popular foi a inclusión do estaleiro no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural, o que supón que debe solicitarse a Patrimonio autorización para calquera uso, obra ou actuación que se realice tanto no estaleiro como na súa contorna.

Porén, xa pasaron dous anos desde aquela e nada cambiou na situación do estaleiro de Bueu. Así, a Coordinadora anuncia que voltará á mobilización nas vindeiras semanas para reclamar a posta en valor deste ben cultural da nosa vila e o desbloqueo dos trámites administrativos relacionados coa concesión de Costas. A Coordinadora cre tamén que as iniciativas de visibilización, como o panel informativo sobre carpintería de

ribeira situado na Banda do Río, son dignas de aplauso aínda que insuficientes para a conservación dunha peza fundamental da historia desta vila mariñeira.

A Coordinadora pola defensa do estaleiro somos:

Anduxía [Asociación ecoloxista de Bueu]
Asociación Cultural Antoxo
Asociación Veciñal Cabanouro
Asociación Cultural Os Galos
Asociación Cultural Manxadoira
Troula na Banda
Asociación Mozas e Mozos
Asociación Cultural Meiro
Asociación Sociocultural Motivos D'aldea
Asociación Liboreiro
Amigos da Cultura
Amigos de Bueu
Asociación Cultural Retrouso
Clube do Mar Bueu
Asociación Cultural O Ronsel
Asociación Cultural Baixo Presión
Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF)